

MÁIS INFORMACIÓN

OFICINA XUNTA DE GALICIA	ENDEREZO	TELÉFONO/FAX
SERVIZO DE EXPLOTACIÓNS AGRARIAS DE PONTEVEDRA	Rúa Fernández Ladreda 36003 Pontevedra	Tel: 986 805 446 / 986 806 554 Fax: 986 805 406
SERVIZO DE EXPLOTACIÓNS AGRARIAS DA CORUÑA	Rúa Vicente Ferrer nº 2 15008 A Coruña	Tel: 981 182 579 / 981 184 548 Fax: 981 184 474
SERVIZO DE EXPLOTACIÓNS AGRARIAS DE LUGO	Ronda Muralla 70 27071 Lugo	Tel: 982 294 459 / 982 889 247 Fax: 982294808
SERVIZO DE EXPLOTACIÓNS AGRARIAS DE OURENSE	Rúa Florentino L. Cuevillas baixo 32003 Ourense	Tel: 988 386 687 / 988 386 571 Fax: 988 386 482
SERVIZO DE SANIDADE E PRODUCCIÓN VEXETAL SANTIAGO DE COMPOSTELA	Rúa dos Irmandiños s/n Salgueiriños 15701 Santiago de Compostela	Tel: 881 997 443 / 981546799 Fax: 881 997 442

a praga da
Diabrotica
Virgifera Virgifera
LeConte
no cultivo do millo
(*Zea mays*)



Diabrotica Virgifera Virgifera LeConte

É unha das pragas máis daniñas do millo no mundo. A súa orixe sitúase en Mesoamérica (América Central/ México), onde os seus principais hóspedes son algunhas especies de cucurbitáceas e os millos ancestrais. Con todo, converteuse nunha praga importante no chamado cinto do millo dos EE. UU. onde, ademais de atoparse no millo e cucurbitáceas, se observaron algunhas poboacións deste insecto nos campos de soia e de alfalfa e tamén en varias especies de malas herbas. **No mes de xullo e agosto de 2021 as comunidades autónomas de Cataluña e Aragón notificaron a súa presenza en campos de millo de gran.**

BIOLOXÍA

A diabrotica é un coleóptero da familia dos crisomélidos. O insecto ten unha única xeración ao ano. A femia pon os ovos cara á metade ou final do verán no chan, lugar onde pasan estes o inverno. Na primavera, cando as sementes do millo están xerminando ou ben **cando a planta está nos primeiros estadios de desenvolvemento, os ovos eclosionan e as larvas son atraídas polos compostos volátiles emitidos polas raíces do millo, das que as larvas se alimentan.** Pasan por tres estadios larvários, e o dano causado aumenta progresivamente co desenvolvemento da larva. Despois de pupar no chan, o adulto emerxe, facéndoo os machos unha semana antes que as femias. Os adultos dos dous sexos distínguense pola coloración das ás. O alimento preferido dos adultos é o pole, aínda que tamén poden alimentarse das follas ou das sedas das inflorescencias. O apareamento prodúcese pouco despois



da emerxencia das femias. **Se o ataque ás raíces é severo, a recolección pode verse afectada** debido á dificultade de recoller as espigas ou mazarocas que quedan preto do chan. Ademais, a alimentación do adulto pode incidir na polinización e reducir a produción de gran, aínda que **o dano máis importante se debe ao ataque das larvas ás raíces.**

DANOS E SÍNTOMAS

A gran parte dos danos son debidos á alimentación da larva. Inicialmente aliméntanse da parte pilífera das raíces. Cando as larvas van evolucionando aliméntanse do parénquima cortical e do tecido vascular central das raíces. **Estas raíces deterióranse por acción directa das larvas e polo desenvolvemento de patóxenos secundarios como fungos.** Finalmente o talo a nivel das raíces pode sufrir grandes danos.

As perforacións son un síntoma característico pero poden ser debidas a outros patóxenos. Estas lesións

interfíren na planta na adquisición de nutrientes, na capacidade de evapotranspiración, reducen a súa medra e a produción de gran. **Os adultos aliméntanse das follas** e da seda da espiga do millo, interferindo na súa polinización.

MEDIOS DE LOITA

Para a detección do insecto existen no mercado trampas con feromona específica que actúa como atraente.

Segundo a Recomendación 2014/63/UE da Comisión Europea relativa ás medidas de control da *Diabrotica Virgifera Virgifera* LeConte nas áreas da Unión onde se confirmou a súa presenza, **a rotación de cultivos é a técnica máis eficaz** para retardar o seu crecemento e reducir o seu impacto. Ademais, a rotación de cultivos ten outras vantaxes como son a mellora e mantemento da estrutura do solo, así como a interrupción dos ciclos das pragas e as malas herbas.

Segundo estas recomendacións europeas hai que dar preferencia aos métodos sustentables biolóxicos, físicos e outros medios non químicos. Contra esta praga recoméndanse as accións seguintes:

1. **Rotacións** de cultivos
2. Uso de produtos **fitosanitarios biolóxicos**
3. **Adaptación da data de sementeira do millo** para evitar que coincida a xerminación coa eclosión das larvas
4. **Limpeza da maquinaria** agrícola, eliminación de plantas espontáneas de millo e outras medidas de hixiene.

